



Concello Do Carballiño

BASES E CONVOCATORIA CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL 2025

1. Obxecto do concurso

1. O concurso ten como finalidade fomentar a participación do comercio e da hostalaría local no embelecemento e ornamentación do municipio atraendo aos seus clientes a participar nun ambiente agradable de compra e consumo durante as datas de nadal.

Mediante o concurso premiarase o esforzo e o traballo que realizan os comerciantes e hostaleiros a través da imaxinación e a orixinalidade na decoración artística e tradicional do Nadal.

2. Os premios concedidos ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outros premios, concedidos por administracións distintas do propio Concello do Carballiño ou calquera outra entidade pública ou privada.

2. Participantes

Poderán participar tódolos establecementos comerciais e hostaleiros do municipio, sen limitación de número ou de espazos e sen ningunha distinción por razón da súa actividade ou titular.

3. Obrigas dos participantes

- Os establecementos deberán estar dados de alta no Imposto de Actividades Económicas
- Ter establecemento aberto ao público no término municipal do Carballiño
- Colocación no escaparate dun distintivo de participación no concurso facilitado polo departamento de cultura
- Os establecementos deberán ter preparado, visible e iluminado o seu escaparate/espazo dende o día 12 de decembro ata o 6 de xaneiro, exceptuando o atrezzo que sexa para vender.
- Os establecementos en calquera das modalidades, serán os encargados e responsables da seguridade, montaxe, coidado e mantemento e recollida dos materiais ao finalizar estas datas.

4. Categorías

Establécense 2 categorías:

1ª.- COMERCIO

Valorarase en conxunto o mellor escaparate dos establecementos participantes. Poderán participar todos os comercios, non podendo participar na categoría de hostalaría.

2ª.- HOSTALARÍA

Valorarase en conxunto a mellor interior así como elementos externos (entradas, portas,





Concello Do Carballiño

ventás...) dos establecemento participantes. Poderán participar todos os establecementos de hostalaría, non podendo participar na categoría de comercio.

5. Inscripción e prazo

A inscrición formalizarase por escrito presentando a seguinte documentación dende o día seguinte ao da publicación do extracto da presente convocatoria no BOP, trala comunicación efectuada para o efecto na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e ata las 12:00 horas do día 12 de decembro de 2025 na sede electrónica do Concello do Carballiño (www.carballiño.gal) ou ben de forma presencial no rexistro municipal ou de calquera outro xeito establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídica do sector público.

- Folla de inscrición
- Fotocopia do DNI
- Certificación bancaria do nº de conta do establecemento inscrito
- Declaración responsable de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- Declaración de non estar incurso nas prohibicións do artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións

O departamento de cultura xestionará de oficio a comprobación de estar ao corrente das obrigas fiscais coa administración local.

6. Procedemento de concesión

O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

A instrución do procedemento corresponderalle aos servizos administrativos da Concellería de Cultura.

Unha vez rematado o prazo de presentación de inscricións o órgano de instrución comprobará a corrección da documentación administrativa achegada, e remitirá ao xurado a relación de establecementos comerciais participantes cuxa documentación sexa correcta e fora presentada en prazo para a súa valoración e posterior decisión da correspondente acta.

7. Crédito orzamentario

O importe total asignado no orzamento municipal a esta finalidade ascende a 900 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3341148000 Transferencias correntes de 2025.

Establécense os seguintes premios:

1º COMERCIO

- ✓ 1º Premio: 200 €
- ✓ 2º Premio: 150 €
- ✓ 3º Premio: 100 €





Concello Do Carballiño

2º HOSTALARÍA

- ✓ 1º Premio: 200 €
- ✓ 2º Premio: 150 €
- ✓ 3º Premio: 100 €

Todos os premiados recibirán un diploma acreditativo.

Aos premios aplicaráselle as retencións correspondentes segundo a lexislación vixente.

8. Criterios de valoración

Na valoración dos establecementos participantes terase en conta os seguintes aspectos:

- A orixinalidade, creatividade e innovación da idea no seu conxunto (máximo 10 puntos)
- O deseño, montaxe e selección de materiais expositivos e decorativos (máximo 10 puntos)
- A iluminación. Terase en conta que sexa LED co fin de promover o aforro enerxético (máximo 10 puntos)
- A limpeza, orde, harmonía e composición do proxecto expositivo (máximo 10 puntos)

Para a valoración, o intervalo máis baixo sempre será 0 e o máximo 10. O escaparate que máis puntuación consiga será o gañador. Sucesivamente, os premios segundo e terceiro, serán os outros dous con máis puntuación, segundo o orden. No caso de que máis dun participante obteña a mesma puntuación, o empate será resolto co voto de calidade da presidencia.

9. Xurado

O xurado valorará os traballos do 13 ao 15 de decembro de 2025 e estará formado por:

- Presidencia: concellería de cultura ou en quen delegue
- Un representante do comercio ou hostalaría
- Un representante dunha asociación cultural ou un representante da veciñanza do Carballiño

Actuará como secretario/a un/unha traballador/a do Concello do Carballiño.

Calquera dos premios poderanse declarar deserto se o xurado considera que non se acada un nivel mínimo de calidade. Dita decisión será inapelable e farase pública nas redes sociais do concello e entregando os premios aos beneficiarios nos respectivos establecementos.

10. Resolución de concesión

A decisión do xurado elevarase ao órgano competente para aprovalo. O órgano competente poderá rexeitar aqueles premiados que non cumpran coas obrigas tributarias e coa





Concello Do Carballiño

Seguridade Social.

Contra a resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a propia Xunta de Goberno no prazo dun mes ou directamente ante o orde xurisdiccional contencioso-administrativo recurso Contencioso-Administrativo no prazo de tres meses dende a notificación da mesma por medios electrónicos ou no seu defecto en papel.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de 6 meses nos termos establecidos nos artigos 25 e 26 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e nos artigos 62 e 63 do seu regulamento.

11. Xustificación e pagamento

Unha vez ditada resolución polo órgano competente, procederase ao pagamento vía transferencia bancaria ao número de conta proporcionado polos establecementos gañadores.

12. Aceptación das bases

A participación no concurso comporta a aceptación destas bases, e exclúiranse os participantes que as incumpran.

13. Información sobre tratamento de datos persoais.

Os establecementos participantes autorizan o tratamento de datos persoais e a súa inclusión nun ficheiro xestionado polo Concello do Carballiño coa finalidade de estatística. O representante do establecemento poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición recoñecidos na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, mediante correo electrónico a concello@carballino.gal ou por correo ordinario ó Concello do Carballiño (Praza maior, 1 C.P. 32500 O Carballiño).

Documento asinado electronicamente

